

Día das
Letras Galegas

Festa e lembranza

Das folerpas de Uxío

PAULA FERNÁNDEZ


Entre as publicacións, homenaxes e celebracións con motivo deste recoñecemento, o máis grande e importante do país, ao poeta do Courel doce anos despois da súa morte cómpre salientar, por ser, se cadra, as menos numerosas, as obras que lembran a súa figura pensadas para os lectores e lectoras máis novos. De feito non semella unha tarefa moi doada recoller nun volume a biografía do autor e unha achega poética o suficientemente significativa, e facelo sen perder a perspectiva: para quen é esa obra? e que se pretende con ela? Fran Alonso conséguo con estas *Folerpas de Novoneyra. Biografía e antoloxía*, e grazas aos breves capítulos en que divide o texto, centrado cada un nun episodio importante da vida de Uxío Novoneyra, e á introdución neles de sucesos anecdóticos amenos, os lectores non o entenden como un estudo fundamentalmente académico, senón que hai algo máis literario nel, convértese o poeta no protagonista dunha biografía que sen ser novelada, consegue o mesmo efecto en quen le.

Entre o nacemento e a morte do escritor a quen hoxe rendimos homenaxe coloca Fran Alonso, sen alterar a rigorosidade cronolóxica, o tempo do Novoneyra estudante de bacharelato en Lugo na adolescencia ou o universitario en Madrid, a súa volta a Galiza para cumprir coas obrigas militares, a enfermidade que o fai regresar, as súas relacións de admiración e amizade cos escritores e escritoras da época, por suposto as súas obras e o compromiso do autor coa lingua, como, nun momento onde o idioma non era habitual nos ámbitos lixeiramente formais, amosa publicamente a súa militancia reivindicativa

co galego, exprésase na súa fala máis alá dos seus versos e do ámbito familiar, e sorprende así ao empregar a lingua en actos públicos.

Fran Alonso elixe unha escolma representativa para o alumnado da educación primaria, unha achega en verso do pensar novoneyriano, do seu gusto pola variedade de recursos, pola efusividade simbólica e pola fala do Courel, sempre presente nos dialectalismos empregados.

Unha biografía que recomendo de maneira apaixonada para os máis novos pero que me atrevo tamén a suxerir aos adul-



tos. De seguro uns e outros han gozar con esta lectura, nun ano de festa e lembranza de quen tanto amou Galiza e mais a fala.
ALONSO, Fran, Folerpas de Novoneyra, Ed. Xerais, Vigo, 2010, PVP. 10 €